| | |
|---|---|
| **Título** | **Soles diversos** |
| **Persoas** | 2 facilitadores/as |
| **Obxectivos** | • Reflexionar sobre as calidades, actitudes e accións que se lle atribúen a cada persoa en función do xénero.<br>• Reflexionar sobre a propia identidade e individualidade<br>• Contribuír a xerar relacionamentos xustos e non estereotipados |
| **Materiais** | Follas cos soles NENA e NENO, para escribir ou individualmente ou en pequenos grupos.<br>Folla co sol PERSOA para escribir individualmente.<br>Dous paneis grandes: un con dous soles debuxados (Nena e Neno) e outro cun único sol (Persoa). |
| **Descrición** | |
| **Tempos** | **Paso a paso** |
| 5’ | Introdución |
| 5’ | Deseñamos (ou repartimos) un sol de 12 raiolas. Cada raiola é para escribir unha palabra.<br>Facemos 2 soles. Primeiro o que no medio ten a palabra “NENA” e logo o que no medio leva a palabra “NENO”.<br>En cada raiola escribimos doce adxectivos ou verbos. Trátase de escribir espontaneamente as primeiras palabras que xurdan, sen ningunha censura, ao xeito dunha chuvia de ideas. |
| 10’ | En dous carteis grandes de papel, vanse anotando as palabras que anteriormente se escribiron na folla para, entre todos e todas, construír unha visión colectiva. Debátese en gran grupo sobre as ideas que apareceron e acerca do seu acordo ou desacordo coas características asignadas a cada sol. |
| 10’ | Noutro mural constrúese entre todo o mundo un novo sol, negociando unha serie de cualificativos e verbos que xulguen positivos para “PERSOA”. |
| 5’ | Para rematar, dáse unha folla para facer un sol persoal coa palabra “EU”. Escríbense ao redor do sol as palabras que máis nos gustasen das que se nomearon para “NENA”, para “NENO” ou para “PERSOA”.. |
| **Fonte** | http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/irisundi.pdf<br><br>Adaptación dunha proposta de Charo Altable. Educación Sentimental e erótica para adolescentes. Madrid. Miño y Dávila Editores, 2000. |